



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
Praza Constitución, 1
Tfnos.: 986 570165/570030
Fax: 986 570233

MC 121.216

COMUNICACIÓN PREVIA PARA O CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE OU DO ESTABLECEMENTO.

DATOS DO COMUNICANTE (1):

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:

NIF/ NIE/ CIF

ENDEREZO:

C.P.:

TFNO.:

FAX:

CORREO ELECTRÓNICO:

Ante ese Concello comparece e **DÍ:**

Primeiro (descripción da actividade ou do establecemento).- que, de conformidade co disposto no art. 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co art. 7.1 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, reguladora do libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo, co art. 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e co art. 20 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, aprobatorio do Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, pon no coñecemento dese Concello que, a partir do día (2) continuará o exercizo da actividade de:

epígrafe:

; radicada en:

; referencia catastral núm.:

Segundo (título habilitante inicial).- que, a dita actividade, ben conta con licenza de funcionamento ou de apertura (definitiva) concedida a prol de:

D./ Dna./ Razón social:

en data:

; outorgada pola (riscar cun "X" segundo proceda):

- Alcaldía- Presidencia, mediante Resolución núm..... /..... (ano).
- Comisión Municipal Permanente
- Comisión Municipal de Goberno.
- Xunta de Goberno Local

; ou ben foi obxecto de comunicación previa de inicio de actividade presentada en debida forma por:

D./ Dna./ Razón social:

en data:

registro de entrada nº:

Terceiro (titularidade anterior).- que, a persoa exercente da dita actividade ata o momento inmediatamente anterior ao comunicante/declarante foi :

IDENTIDADE:	NIF/NIE/CIF:
ENDEREZO:	

Cuarto (subsistencia do título habilitante inicial).- que, a licenza/comunicación previa obxecto de transmisión ou cambio de titular subsiste, é dicir, goza de vixencia e efectividade porque continúa a observar as condicións impostas e a darse as circunstancias que concorreron cando se outorgou, e porque aínda non foi revogada.

Quinto.- que, coñece que a persoa titular da actividade en cada momento é responsable do mantemento no tempo dos requisitos que a mesma ten que cumprir cando se presentou a comunicación previa, así como da adaptación aos novos requisitos que posteriores normativas establezan.

Igualmente, coñece que a persoa titular da actividade debe poñer en coñecemento do órgano competente, cando se produza, calquera cambio relativo ás condicións ou ás características da actividade ou do establecemento, incluídas as modificacións que se realicen, de acordo co previsto polo art. 12.4 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, para a súa adaptación aos novos requisitos que posteriores normativas establezan.

Coñece, asimesmo, que será necesaria unha nova comunicación previa co contido establecido polo artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, nos seguintes casos:

- a) modificación da clase de actividade.
- b) cambio de localización, sen prexuízo do disposto na alínea b) do seu artigo 10.
- c) reforma substancial dos locais ou instalacións.

Tamén coñece que será necesaria unha nova comunicación previa cando se pretenda realizar calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento, aínda que, neste caso, coa comunicación previa só haberá que achegar os datos e documentos vinculados especificamente ao cambio proxectado.

Sesto.- que, de conformidade co disposto no art. 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **declara baixo a súa responsabilidade** (civil, penal e/ou administrativa, pola eventual inexactitude, falsidade ou omisión esencial en calquera dato, manifestación ou documento) que os datos declarados son certos, e que **cumpre** cos requisitos establecidos na normativa urbanística e sectorial vixente para acceder ao recoñecemento deste dereito ou facultade, ou para o seu exercizo (co compromiso de adoptar as medidas correctoras legal e regulamentariamente exigibles, así como a acomodarse continuamente á observancia das esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor así como á obtención das autorizacións e rexistros sectoriais que resulten necesarios), así como que **dispón** da documentación que así o acredita, e que se compromete a **manter o seu cumprimento** durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou ao exercizo da actividade, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que ten atribuídas o Concello.

En A Estrada, a.....de..... de 201.....
(**sinatura**)

NOTAS ACLARATORIAS:

(1) Xuntarse fotocopia do DNI/NIF do solicitante, si se trata dunha persoa física. De tratarse dunha persoa xurídica, do Código de Identificación Fiscal, do DNI/NIF dos administradores e/ou representantes legais, e da escritura de constitución da sociedade e de cantas modificacións posteriores se produciran.

.....

(2) De non concretarse, a continuación no exercizo da actividade por parte do interesado, se presumirá referenciada á data de presentación ante o Concello da comunicación previa/declaración responsable.

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE A ESTRADA.